

AGRADECIMENTOS

- A Asociación de Amigos do Couto Mixto, organizadores deste acto de tanta significación para a xente desta bisbarra e, dende hoxe, tamén para min e a miña familia que decidiu acompañarme nun día tan importante.

- A certas persoas as que quero citar polo seu nome porque eles son os que fixeron posible que hoxe poida estar aquí:

- En primeiro lugar, a Luis García Mañá, compañeiro desa profesión tan apaixonante como é a de policía do Estado e verdadeiro impulsor da reivindicación do Couto Mixto a través das suas obras literarias.

- A Xosé González ('Pepe o de Redondela'), a quen tiven a sorte de coñecer hai uns anos e que, dende enton, non deixa de sorprendeme coas permanentes iniciativas a prol da difusión do galego en todo tipo de actividades.

- A outras persoas que, dunha o outra maneira, están sempre dispostos a traballar en beneficio de todo o que teña relación coa mellora da situación de Galicia e dos galegos: uns dende aquí e outros dende un pouco mais lonxe, entre os que quero citar a subdelegados do Goberno, alcaldes, deputados e senadores cos que teño trato oficial e, sobre todo, a un verdadeiro arraiano afincado en Madrid e que, como director da Casa de Galicia nesa cidade, tanto fixo pola difusión de todo o que significa o Couto Mixto, refírome a Alfonso Sobrado Palomares.

Unha vez feitas estas necesarias referencias iniciais, non teño mais remedio que referirme a figura do 'Xuíz Honorario' cuio título hoxe decidides concederme. Se, como era tradicional, constituía a autoridade gobernativa e xudicial, parece que a miña condición de garda civil podería servir para actuar na primeira vertente, cousa que nunha zona fronteiriza como esta non estou disposto a facer, pois xa foron moitos os anos en que arraianos e gardas civís non deixaban de vixiarse uns os outros. Hoxe, grazas a caída das fronteiras, algo que nunca foi moi visíbel nesta zona, podemos compartir actos coma o que nos convoca dunha maneira moito mais pacífica e festiva.

Precisamente, aproveitando o lugar donde nos atopamos, quero facerlles a todos vostedes unha confianza relativa a miña vinculación afectiva con todo o que teña que ver coa cultura e o pobo portugués, de tal maneira que sempre pensei que, si un día tiña que vivir fora de España ese sitio sería sin ningún tipo de dúbidas Portugal, por iso a miña satisfacción é hoxe dobre porque podó compartir dous amores que procurei facer compatibles. Sirva como exemplo que, moitas veces, para ir de Madrid a Pontevedra, ou viceversa, a ruta é través desa terra que hoxe temos aí en fronte e que cando bordeamos a raia, dende Puebla de Sanabria hasta Porriño, na radio sempre imos conectados as emisoras portuguesas para non esquecer a súa lingua. Pasar a formar parte desta colectividade do Couto Mixto vai a permitirme disfrutar desa dobre condición de español e portugués.

Xa poden comprender, entón, a ledicia que me produce poder compartir esta distinción co profesor António Lourenço, arraiano a tempo completo e autor de numerosos traballos nos que dou a coñecer a situación do Couto Mixto, sentimento parello o que me xenera a de ser 'xuíz honorario' co meu colega tamén de profesión Xosé Rodríguez Cruz (por certo, non sei si o noso ministro será consciente do que hoxe representamos aquí os seus funcionarios) dedicado na súa actividade intelectual a reivindicación das tradicións e costumes dos pobos fronteirizos.

Chegados a este punto, non teño mais remedio que referirme os verdadeiros protagonistas deste acto, os veciños dos tres pobos que constituen o Couto Mixto –Santiago, Meaus e Rubiás–, que, ano tras ano, son testigos deste encontro cuxa única finalidade é dar a coñecer a súa realidade e servir, dalgunha maneira, a mellora das súas condicións de vida. Nese sentido, quero suliñar que, para moita xente, o Couto Mixto é un bó exemplo de boa vecindade, de “cooperación transfronteriza”, con unha forte connotación histórico-cultural, de relación regional no sur de Europa. Por todo isto, no intre de recibir este título quero comprometerme de maneira directa a defensa dos intereses desta terra e a divulgación das súas especificidades. Moitas grazas a todos e xa saben donde me teñen para todo o que queiran de mín e da miña familia.

Santiago de Rubiás, 12 de xullo de 009